



BASES DO IV CONCURSO DE DEBUXO “BUSCANDO A RILI”

1.- TEMÁTICA

Convócase o concurso de debuxo para escolares **“Buscando a Rili”**, co fin de dar a coñecer e achegar á poboación infantil información sobre os cuidados dos riles e as súas función, así como a doazón de órganos e tecidos.

Este concurso convócase no marco da celebración do **Día da Doazón de Órganos**, que se celebra o día **5 de xuño**.

Este concurso abranguerá dende o día 24 de marzo ao día 26 de maio. Este último día será a data límite de entrega de participacións. O día da entrega de premios será o venres 6 de xuño as 12:00 horas, e terá lugar na Aula de Docencia Hospitalaria do HULA, en Lugo.

2.- BASES DO CONCURSO

Serán válidos os traballos que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar elaborados por alumnos e alumnas que estiveran recibindo docencia na Aula Hospitalaria do HULA dende o 24 de marzo ao 26 de maio de 2025.
2. Cumprir coa temática establecida:
 - Cómo coidar os riles?
 - Cómo imaxinas que son os teus riles?
 - Teñen algún poder?
 - Onde está Rili?

Estas son algunhas das preguntas que se pretenden responder con este concurso e que poden orientar para a realización dos debuxos.



3. Os debuxos deberán ser manuais, non admitíndose debuxos dixitais.

Os participantes teñen a liberdade para utilizar a técnica que desexen (de forma separada ou mesturada; lapis, ceras, témperas, acuarelas, etc.)

4. Admitirase un só debuxo por neno e deberá presentarse en papel tamaño folio A4.
5. En todos os traballos, no reverso do debuxo, indicarse o nome e a idade do autor, nome e número de teléfono de contacto do pai, nai ou titor, para localización do autor en caso de resultar gañador.
6. Cada debuxo presentado deberá ir acompañado dun documento asinado polos pais ou titores legais, consistente na autorización de participación do menor e na aceptación das bases outorgando a súa conformidade ao exposto na mesma. (Anexo I)
7. Os concursantes deberán presentar os debuxos **antes do día 26 de maio** nos seus respectivos centros escolares.

Ese mesmo día, a organización do concurso recollerá en cada centro, previa concertación de cita, os traballos que lles entreguen os seus alumnos, velando que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases e marcando aqueles que consideren mellores dentro de categoría

8. Calquera traballo presentado fóra de prazo non será admitido.

3.-XURADO

O xurado estará composto por persoal sanitario da área de nefroloxía do Hospital Lucus Augusti, Club de Baloncesto Breogán, Club Deportivo Lugo, Delegación Territorial da Consellería de Educación e ALCER Lugo.

O xurado decidirá o día **30 de maio de 2025** os gañadores e comunicarse aos pais o mesmo día, para procurar a súa asistencia na entrega de premios do día **6 de xuño de 2025**.

O xurado valorará tanto a orixinalidade do debuxo como a calidade de este, tendo presente a idade do seu autor.



Os debuxos gañadores expoñeranse no hall do Hospital Lucus Augusti. De igual forma expoñeranse na páxina web da asociación.

4.- PREMIOS

Primeiro Premio: Agasallo do Club de Baloncesto Breogán

Segundo Premio: Agasallo do Club Deportivo Lugo

Terceiro Premio: Agasallo do Faro dos tres mundos

Estes premios non poderán ser substituídos por outros premios nin por diñeiro.

Os premios serán entregados na Aula Hospitalaria do HULA, que se celebrará ás 12:00 horas o día 6 de xuño, ao que se convidará a medios de comunicación.

No caso de non presentarse na entrega de premios, o Xurado poderase en contacto co titor ou titora do premiado para remitirllle o premio vía postal.

5.- CESIÓN DE DEREITOS

As obras entregadas non serán restituídas. Ao participar no concurso, o candidato afirma que, a súa obra é un traballo orixinal e individual, que o participante é o único propietario do traballo e que ningún terceiro é propietario, ten copyright ou marca rexistrada da obra presentada, nin ostenta dereitos algúns de propiedade industrial ou intelectual algún sobre a obra presentada. O participante exime de calquera demanda ou reclamación formulada por parte de terceiros sobre vulneración de dereitos algún de propiedade industrial ou intelectual relacionada coa obra presentada.

6.- RESOLUCIÓN FINAL

O xurado resolverá calquera incidencia que puidese producirse. Esta será irrevogable.



7.- POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Para os efectos establecidos na Lei Orgánica de Protección de Datos, informámoslle que os datos recolleitos a través dos traballos presentados serán incorporados a un ficheiro público de datos de carácter persoal, denominado “ALCER Lugo: Buscando a Rili”, tendo como únicos destinatarios do mesmo os membros encargados da xestión do concurso e o Xurado, para a selección dos finalistas. Unha vez finalizado o concurso e entregados os premios, devanditos datos serán destruídos.

Os datos contidos no formulario de cesión de datos que figura no anexo han de ser cumprimentados de forma obrigatoria. En caso de non facerse así, a inscrición será desestimada e os datos borrados de maneira inmediata. A entrega do formulario cumprimentado implica a inscrición no concurso e a aceptación das bases do mesmo.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, ante ALCER Lugo. Avd Infanta Elena, 11, Casa Clara Campoamor, local 5-7. 27003 Lugo

De acordo con o establecido no Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/99, aprobado por Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, e como queira que os participantes do concurso son menores de idade, a autorización para participar no concurso debe ser outorgada polos seus pais ou tutores. No presente caso, o tratamento dos datos debe ser expresamente autorizado por estes e, por este motivo, solicítense determinados datos da persoa que actúa en nome do menor.



ANEXO I

AUTORIZACIÓN PARA O CONCURSO “BUSCANDO A RILI”

D./D^a.....con DNI... , autorizo ao meu
fillo/a a participar no concurso de debuxo para
escolares de ALCER Lugo, este concurso convocase no marco da celebración do Día da Doazón
de Órganos, que se celebra o día 5 de xuño.

Coa firma da presente autorización, acepto expresamente na súa totalidade as bases do
concurso, a política de Protección de Datos e a cesión da obra.

Idade do neno:

Número de Teléfono:

En..... a..... de 2025

Sinatura